



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO, A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OURENSE, PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DA POSTA EN VALOR DA PONTE VELLA DE OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar coa Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

a colaboración e coordinación entre os asinantes do convenio para levar a cabo as obras de posta en valor da Ponte Vella de Ourense. 2ª fase de intervención. A Axencia Galega de Infraestructuras, adscrita á Consellería de Infraestructuras e Mobilidade, como titular da ponte en canto a que forma parte do Dominio Público Viario, a Consellería de Cultura e Turismo por tratarse dun Ben protexido e declarado como de Interese Cultural e o Concello de Ourense por ser titular dos terreos e instalacións afectadas pola execución das obras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.





As actuacións que se pretenden realizar consisten basicamente na limpeza da antiga caseta de legoeiros, limpeza de paramentos da ponte, mellora da contorna da pone na capela dos Remedios, acondicionamento e restrición do acceso no vial que conecta coa N-120, mellora da accesibilidade na contorna da ponte e eliminación da pista de skate anexa á capela e reconstrución da mesma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 5 de decembro de 2018

